

**ACTA DA ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA DE ENTIDADES SOCIAS  
DO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE**

**REUNIÓN A TRAVÉS DE VIDEOCONFERENCIA.  
30 DE XUÑO DE 2020**

**Hora de inicio:** 11:20h

**ASISTENTES:**

Luísa Feijoo	Concello de Ames
Ana Breixo	Concello de San Sadurniño
Guadalupe Pombo	Concello de Culleredo
Eugenia Díaz	Concello de Ourense
Uxía Cespón	Concello de Rianxo
Manuel Cerdeira	Concello do Irixo
Elena López	Concello das Pontes
Raquel Caruncho	Concello de Pontedeume
Paloma Castro	Concello de Pontevedra
Rosa Monteagudo	Concello de Muros
Orlando Saavedra	Concello do Barco de Valdeorras
María José Paz	Concello de Fene
Sindo Guinarte	Concello de Santiago
Verónica Carrera	Concello de Pontearreas
Xosé Antón González	Concello de Verín
Xaime Iglesias	Concello de Baños de Molgas
Begoña Piñeiro	Concello de Valga
Yolanda Bello	Concello de Miño
Gloria Sánchez	Concello da Coruña
Cristina González	Concello de Soutomaior
Ana María Varela	Concello de Mugardos
Inés Ramos	Concello de Arteixo
Ricardo Puertas	Concello de Cambre
Vanesa García	Concello de Boiro
Catalina García	Concello de Narón
Concepción Pernas	Concello de Burela
Xosé M. Rodríguez	A Concello das Neves

Yolanda Bouzas

Concello de Brión

Laura Ageitos

Concello de Guitiriz

Carmen Novas

Técnica do Fondo Galego

Andrea M. García

Técnica do Fondo Galego

**Escusan asistencia:** Concello de Silleda, Concello de Tomiño, Concello de Oleiros, Concello da Laracha, Concello de Cartelle, Concello de Nigrán, Concello de Poio.

### **1. Modificación dos Estatutos da asociación**

Juan González informa de que foi aberto un prazo (ata o 26 de xuño) para que as entidades socias nos fixeran chegar as súas emendas ás propostas de modificacións dos estatutos, sen ter recibido ningunha. Acto seguido presenta a Luísa Feijoo, que se estreia como Secretaria da entidade e que será encargada de facer a presentación da modificación estatutaria.

Por cuestión de axenda, Juan González debe abandonar a reunión non sen antes indicar que está conforme coa proposta presentada.

Toma a palabra Luísa Feijoo, para presentar a proposta de modificación estatutaria, indicando que esta se realizou en base a tres criterios:

- a) Axuste á realidade organizativa e práctica do Fondo Galego
- b) Linguaxe obsoleta. Necesidade de introducir linguaxe inclusiva e adaptación aos novos conceptos empregados na área de cooperación ao desenvolvemento.
- c) Adaptación ou concreción dos estatutos conforme a Lei Orgánica do Dereito de Asociación e a Lei de Mecenado. Estas adaptacións teñen como obxectivo visibilizar a transparencia do Fondo Galego e introducir artigos concretos que nos faciliten a obtención do recoñecemento de entidade de Utilidade Pública.

Os pasos realizados para a concreción da proposta de reforma foron os seguintes:

- i. Revisión dos estatutos por parte da asesoría xurídica. A asesoría xurídica realizou unha análise pormenorizada dos estatutos, suxerindo os cambios pertinentes e acompañando en todo momento o proceso de redacción.
- ii. En base ás orientacións realizadas pola asesoría xurídica, o persoal técnico elaborou unha proposta de modificación estatutaria, na que pode facerse a comparativa dos artigos vixentes e os propostos. Esta proposta foi novamente revisada pola asesoría xurídica para garantir o pleno cumprimento da lexislación que resulta de aplicación.
- iii. Por último, as propostas de modificación foron recompiladas no texto consolidado, incluíndo só a estrutura e artigos propostos para someter a aprobación.

Destácanse as seguintes cuestións:

- Artigo 2. Modificación deste artigo que fai referencia aos fins da asociación, xa que aparecían mesturadas actividades con obxectivos. Tratouse de mellorar a redacción e concreción dos fins da asociación, incluíndo o fin “Promover programas de voluntariado”, xa que o Fondo Galego leva impulsando un programa de voluntariado desde hai 15 anos, e porque ademais recoñecéndoo expresamente nos estatutos poderíamos abrir portas a novo financiamento.
- Artigo 3. Fai referencia ás actividades da asociación, que aparecían de xeito disperso e mesturadas con obxectivos. Faise unha mellora na redacción das mesmas, suprimindo aquelas que durante os 23 anos de existencia do Fondo Galego non foron realizadas, e poñendo de relevancia aquelas que efectivamente si se veñen realizando.
- Artigo 4. Modifícase a fórmula para modificar o domicilio social da asociación, que debe ser sempre a Asemblea Xeral.
- Sobre a Asemblea Xeral: Suprímense as Asembleas Xerais Extraordinarias, de xeito que calquera asunto poida ser abordado nunha Asemblea ordinaria. Inclúese a modalidade de videoconferencia, ademais da presencial, para a súa realización. A convocatoria terá unha única hora de inicio, e non dúas con media hora de diferenza, como se recolle na actualidade, independentemente do número de entidades socias que asistan.
- Sobre a Comisión Executiva: Mantense o mesmo número na súa composición, mais precísanse os procesos no caso de renovación de cargos, cobertura de vacantes, cesamento e outros supostos. Inclúese a modalidade da videoconferencia para a súa realización, alén da presencial.
- Entidades socias: na proposta considéranse entidades socias administracións locais e entidades locais de carácter supramunicipal. O cambio foi introducido por recomendación da asesoría xurídica, que asegura unha maior claridade á hora de aplicar a normativa que resulta de aplicación. Así mesmo, sería un axuste á realidade do Fondo Galego, que ao longo da súa historia só contou cunha entidade socia que non é administración local, o Igadi. Coa súa baixa todas as entidades socias son administracións locais. Recoñécense, asemade, entidades colaboradoras e entidades ou persoas de honra, mais non en calidade de socias.
- Na proposta do artigo 25 faise unha revisión dos Medios e destino dos recursos, en base ao que establece a Lei de Mecenado.
- Na proposta de redacción do artigo 36, sobre a rendición de contas, realízase unha maior especificación e faise fincapé nos procesos de transparencia da asociación.
- Na proposta do artigo 37, sobre reembolsos e retribucións, contéplanse prácticas lexítimas e legais que xa se están practicando na vida organizativa do Fondo Galego,

como son os reembolsos ás persoas que integran a Comisión Executiva no caso de participar en tarefas e actividades de representación.

Dito isto, Luísa Feijoo procede á lectura do texto consolidado dos Estatutos coas modificacións propostas.

Unha vez finalizada a lectura, Andrea M. García resalta algunhas cuestións que habería que corrixir sobre o texto:

- Erros na escrita
- Nalgúns artigos segue a aparecer a figura da Asemblea Xeral Extraordinaria, polo que cómpre rectificar e indicar tan só Asemblea Xeral
- Artigo 30 a), onde por erro seguen a aparecer as entidades socias colaboradoras

Andrea M. García solicita a Luísa Feijoo someter á aprobación da Asemblea as correccións propostas. Luísa Feijoo sinala que efectivamente son erros que ela tamén detectara.

Gloria Sánchez, representante do Concello da Coruña intervén para comentar que está de acordo coas correccións e coas propostas de modificación sinaladas anteriormente.

Resultan, por tanto, aprobados por unanimidade os Estatutos do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade coas modificacións propostas.

Sen máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a reunión cando son as 12:10h.

Juan González  
Presidente

Luísa Feijoo Montero  
Secretaria

## ANEXO I

<p><b>ESTATUTOS DO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE ANO 2020</b></p>
---

### ÍNDICE

TÍTULO I: DA ASOCIACIÓN EN XERAL .....	3
Artigo 1. Denominación e réxime xurídico.....	3
Artigo 2. Fins.....	3
Artigo 3. Actividades. ....	4
Artigo 4. Domicilio social.....	5
Artigo 5. Ámbito territorial.....	6
Artigo 6. Duración. ....	6
TÍTULO II: DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E ADMINISTRACIÓN.....	6
Artigo 7. Órganos de goberno.....	6
CAPÍTULO I: DA ASEMBLEA XERAL .....	6
Artigo 8. Composición. ....	6
Artigo 9. Competencias da Asemblea Xeral. ....	6
Artigo 10. Reunións. ....	7
Artigo 11. Convocatoria e modalidades das reunións da Asemblea Xeral. ....	7
Artigo 12. Desenvolvemento das reunións. ....	7
Artigo 13. Adopción de acordos.....	8
CAPÍTULO II: DA COMISIÓN EXECUTIVA.....	8
Artigo 14. Composición.....	8
Artigo 15. Competencias da Comisión Executiva.....	9
Artigo 16. Reunións. ....	9

Artigo 17. Convocatoria e modalidades das reunións da Comisión Executiva. ....	10
Artigo 18. Desenvolvemento das reunións da Comisión Executiva. ....	10
Artigo 19. Adopción de acordos por parte da Comisión Executiva. ....	11
Artigo 20. Renovación dos cargos. ....	11
Artigo 21. Cobertura de vacantes, cesamento e outros supostos. ....	11
<b>CAPÍTULO III: DOS ÓRGANOS UNIPERSOAIS</b> .....	<b>12</b>
Artigo 22. Sobre a Presidencia. ....	12
Artigo 23. Sobre a Vicepresidencia. ....	13
Artigo 24. Sobre a Secretaría. ....	13
Artigo 25. Sobre a Tesourería. ....	13
Artigo 26. Sobre as Vogalías. ....	14
<b>TÍTULO III: DAS ENTIDADES SOCIAS</b> .....	<b>14</b>
Artigo 27. Sobre as entidades socias. ....	14
Artigo 28. Dereitos das entidades socias. ....	14
Artigo 29. Obrigas das entidades socias. ....	15
Artigo 30. Perda da condición de entidade socia. ....	15
Artigo 31. Entidades colaboradoras. ....	15
Artigo 32. Persoas ou entidades de honra. ....	16
<b>TÍTULO IV: DO PATRIMONIO E DAS FINANZAS</b> .....	<b>16</b>
Artigo 33. Patrimonio inicial. ....	16
Artigo 34. Recursos económicos do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. ....	16
Artigo 35. Medios e destino dos recursos. ....	16
Artigo 36. Rendición de contas. ....	17
Artigo 37. Reembolsos e retribucións. ....	18
Artigo 38. Sobre o exercicio económico. ....	18

Artigo 39. Documentación social. ....	18
TÍTULO V: DA DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN.....	18
Artigo 40. Disolución do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. ....	18
DISPOSICIÓN TRANSITORIA.....	19

## **TÍTULO I: DA ASOCIACIÓN EN XERAL**

### **Artigo 1. Denominación e réxime xurídico.**

1.1. Coa denominación “Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade” constitúese unha asociación sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e independente, con plena capacidade xurídica e de obrar.

1.2. O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade rexerase polos presentes estatutos, polos regulamentos de réxime interior que se diten, pola Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e pola demais lexislación que lle sexa aplicable.

### **Artigo 2. Fins.**

2.1. O obxecto fundamental do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade consiste en desenvolver unha eficaz política de cooperación ao desenvolvemento, como expresión da corresponsabilidade e do compromiso solidario da sociedade galega cos pobos e comunidades empobrecidas que procuran a realización do seu dereito a un desenvolvemento humano sostible.

2.2. En concreto, son finalidades do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade as seguintes:

- a) Contribuír, desde as administracións locais galegas, ao desenvolvemento dos países e comunidades empobrecidas para promover cambios positivos e sostibles nas condicións de vida que contribúan á plena realización dos Dereitos Humanos Universais.
- b) Promover unhas administracións locais e unha cidadanía galega sensibilizadas, concienciadas e comprometidas coas políticas e accións de cooperación ao desenvolvemento, co obxecto de favorecer unha maior comprensión da realidade dos países empobrecidos, da necesidade dun compromiso ético na loita contra as desigualdades e a prol dunha maior equidade a nivel global.

- c) Promover e posibilitar que todas as administracións locais galegas poidan impulsar e/ou ser partícipes de accións e políticas de cooperación ao desenvolvemento, potenciando a coordinación das mesmas.
- d) Defender, reivindicar e visibilizar a cooperación ao desenvolvemento, especialmente a impulsada polas administracións locais galegas, ante todo tipo de organismos e institucións.
- e) Procurar que progresivamente as administracións locais galegas que formalicen o seu compromiso con políticas de cooperación ao desenvolvemento incrementen os seus respectivos orzamentos para este fin.
- f) Promover programas de voluntariado nacionais e/ou internacionais co obxecto de contribuír á solidariedade entre os pobos.
- g) Calquera outro obxectivo de similar natureza que non sexa contrario á normativa legal vixente en cada momento.

### **Artigo 3. Actividades.**

3.1. O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade realizará as seguintes actividades:

- a) Impulsar e xestionar proxectos e actividades de educación para a cidadanía global e/ou sensibilización en Galicia para procurar un maior coñecemento da realidade dos países empobrecidos e unha sociedade solidaria e consciente das desigualdades a nivel global, tendo presente a corresponsabilidade das sociedades do Norte.
- b) Promover, financiar, apoiar, xestionar, identificar e facer seguimento e avaliación de proxectos e programas de cooperación ao desenvolvemento que promovan un desenvolvemento humano sostible nos países empobrecidos, con criterios de igualdade, de mutua colaboración e respecto ás culturas e ás identidades propias de cada comunidade.
- c) Fomentar a coordinación e colaboración do Fondo Galego cos demais actores do sistema galego de cooperación e outros organismos e entidades a nivel autonómico, estatal e internacional que compartan idénticos fins, actuando o Fondo Galego como voceiro das entidades socias.
- d) Impulsar os irmandamentos entre administracións locais galegas e dos países cos que o Fondo Galego mantén unha relación de cooperación, en base a esta materia.



- e) Organizar, formar e dinamizar unha Rede Municipalista Solidaria integrada por persoal técnico e representantes políticas/os das entidades socias, co obxecto de promover unha maior coordinación e implicación das administracións locais galegas cos obxectivos do Fondo Galego.
- f) Asesorar ás entidades locais galegas en materia de cooperación ao desenvolvemento.
- g) Outras actividades de similar natureza que teñan por fin o cumprimento dos obxectivos da asociación.

3.2. O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade realizará as súas actividades tendo en conta os seguintes criterios:

1. As actividades desenvolvidas polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade non consistirán no desenvolvemento de explotacións económicas alleas ao seu obxecto ou finalidade estatutaria, cos límites previstos na normativa de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado vixentes en cada momento.
2. As persoas fundadoras, representantes estatutarias, entidades asociadas, integrantes dos órganos de goberno e as/os cónxuxes ou parentes ata o cuarto grao inclusive de calquera delas non poden ser destinatarias principais das actividades que se realicen, nin beneficiarse de condicións especiais para utilizar os seus servizos.
3. A actividade do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade non pode estar restrinxida exclusivamente a beneficiar ás entidades socias, senón que estará aberta a calquera outro posible beneficiario que reúna as condicións e caracteres esixidos pola índole dos seus propios fins.

#### **Artigo 4. Domicilio social.**

4.1. O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade fixa o seu domicilio social en Santiago de Compostela, Rúa Varsovia, 4C, 6ª andar (Área Central).

4.2. O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, para o desenvolvemento dos seus fins, pode crear establecementos e dependencias noutras localidades, inclusive no estranxeiro, cando así o decida a Asemblea Xeral.

### **Artigo 5. Ámbito territorial.**

5.1. O ámbito territorial de actuación principal do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade comprende o conxunto da Comunidade Autónoma Galega, sen prexuízo de que as súas actuacións teñan impacto na esfera estatal e internacional.

5.2. O Fondo Galego poderá confederarse ou establecer acordos de colaboración puntual con entidades que compartan obxectivos afíns tanto de ámbito estatal, europeo ou mundial.

### **Artigo 6. Duración.**

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade constitúese por tempo indefinido.

## **TÍTULO II: DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E ADMINISTRACIÓN**

### **Artigo 7. Órganos de goberno.**

Os órganos de goberno do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade son:

- a) Asemblea Xeral.
- b) Comisión Executiva.

## **CAPÍTULO I: DA ASEMBLEA XERAL**

### **Artigo 8. Composición.**

A Asemblea Xeral é o órgano supremo do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e estará constituída por todas as entidades socias.

### **Artigo 9. Competencias da Asemblea Xeral.**

Son competencia da Asemblea Xeral:

- a) Resolver os recursos en relación coas decisións de altas acordadas pola Comisión Executiva, e resolver as baixas e as expulsións das entidades socias.
- b) Aprobar a memoria que presente a Comisión Executiva, as actas que proceda e o balance económico da entidade.
- c) Aprobar o orzamento para o seguinte exercicio ou para o exercicio en curso.
- d) Fixar ou modificar as cotas de pertenza á asociación.
- e) Fixar os criterios para os proxectos e programas de cooperación ao desenvolvemento e educación para a cidadanía global e/ou sensibilización presentados pola Comisión Executiva.
- f) Elixir e cesar ás persoas e entidades que ostentarán os cargos da Comisión Executiva conforme aos estatutos e controlar a súa xestión.
- g) Aprobar as resolucións que pola súa importancia afecten aos intereses da asociación.

- h) Decidir sobre a permanencia ou afiliación a estruturas de carácter federal ou confederal.
- i) Velar polo cumprimento dos fins da asociación.
- j) A disolución e liquidación da asociación.
- k) As modificacións estatutarias, mesmo o cambio do domicilio social da asociación.
- l) Pronunciarse sobre calquera asunto suscitado pola Comisión Executiva ou un 25% das entidades socias.

### **Artigo 10. Reunións.**

A Asemblea Xeral reunirase:

1. Como mínimo unha vez ao ano e dentro do primeiro semestre
2. Cando as circunstancias o aconsellen a xuízo da persoa que ostente a Presidencia, da Comisión Executiva, ou cando o propoña por escrito o 25% das entidades asociadas con indicación expresa dos asuntos a tratar. Neste último caso, a Comisión Executiva está obrigada a efectuar esa convocatoria nos quince días seguintes a terse formalizado a petición en regra. A Asemblea Xeral así convocada deberá celebrarse para todo caso no período máximo de trinta días naturais a contar desde o seguinte a terse recibido a petición das entidades asociadas.

### **Artigo 11. Convocatoria e modalidades das reunións da Asemblea Xeral.**

11.1 A convocatoria das Asembleas Xerais realizarase por escrito, ben por medios electrónicos e/ou físicos, considerándose para estes efectos axeitado e suficiente a remisión da convocatoria ao correo electrónico designado por cada entidade socia, expresando o lugar, día e hora da reunión así como a orde do día fixada pola Comisión Executiva e a documentación relativa á mesma.

11.2 Entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración da Asemblea deberá mediar un mínimo de quince días naturais.

11.3. As Asembleas Xerais poderán realizarse a través de reunión física ou ben a través de videoconferencia, sempre que se asegure a autenticidade e a conexión bilateral ou multilateral en tempo real con son e imaxe das persoas asistentes en remoto. Neste caso, a sesión entenderase celebrada no domicilio social da asociación.

### **Artigo 12. Desenvolvemento das reunións.**

12.1. As Asembleas Xerais quedarán validamente constituídas calquera que sexa o número de entidades asociadas asistentes.

12.2. As Asembleas Xerais serán presididas pola persoa que ostente a Presidencia da Comisión Executiva ou, en caso de ausencia, pola persoa que ocupe a Vicepresidencia.

A Secretaría e Tesourería serán ostentadas polas persoas que ocupan tales cargos na Comisión Executiva.

12.3. As entidades socias poderán delegar noutra a súa representación, por escrito e coas debidas garantías de conformidade.

### **Artigo 13. Adopción de acordos.**

13.1. Está no ánimo das entidades socias, e así se procurará, que o consenso presida a adopción de decisións.

13.2. De non haber consenso, as decisións adoptaranse por maioría simple de votos das entidades asistentes e representadas, cando os votos afirmativos superen aos negativos, correspondéndolle a cada unha un voto, salvo naqueles supostos en que estatutariamente se esixa unha maioría cualificada ou se dispoña o contrario.

13.3. En calquera caso, os acordos da Asemblea Xeral, legalmente constituída, que non contradigan a lei nin os presentes estatutos, son de cumprimento obrigado para todas as entidades socias.

13.4. Os acordos adoptados pola Asemblea Xeral deberán documentarse nun libro de actas debidamente dilixenciado coas sinaturas das persoas que ostenten a Presidencia e a Secretaría da Comisión Executiva. Así mesmo, deberán archivarase dixitalmente. Para o caso de discrepancia entre a versión do libro de actas e a versión do arquivo dixital, prevalecerá o libro de actas.

## **CAPÍTULO II: DA COMISIÓN EXECUTIVA**

### **Artigo 14. Composición.**

14.1. A Comisión Executiva é o órgano de goberno e de administración da asociación. Está composta segundo o seguinte esquema organizativo: Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría, Tesourería e cinco Vogalías.

14.2. As entidades socias que ostenten estes cargos designarán a unha persoa física representante e poderán nomear a unha persoa suplente (persoal técnico ou outro cargo político da súa entidade) para o caso de imposibilidade de asistencia da persoa que ostenta a titularidade da representación perante o Fondo Galego.

### **Artigo 15. Competencias da Comisión Executiva.**

A Comisión Executiva exerce as seguintes atribucións:

- a) Aplicar e interpretar os Estatutos.
- b) Convocar as Asembleas Xerais.

- c) Executar os acordos das Asembleas Xerais.
- d) Acordar a alta de entidades socias.
- e) Propoñer á Asemblea Xeral a designación de entidades colaboradoras e entidades ou persoas de honra.
- f) Propoñer a expulsión de entidades socias por incumprimento grave e reiterado das obrigas establecidas.
- g) Levar a dirección das contas, formalizar o balance e formular o orzamento para sometelo a votación da Asemblea.
- h) Elaborar a memoria do exercicio, así como propoñer as liñas de actuación a presentar á Asemblea Xeral para o seu estudo e pronunciamento.
- i) Abrir, manter e cancelar contas correntes en bancos ou establecementos de crédito.
- j) Formalizar os oportunos contratos, convenios e demais actos necesarios para a actividade do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.
- k) Acordar a contratación e despido do persoal laboral e designar, no seu caso, á persoa que deba ocupar o cargo de xerencia. A xerencia ten a función de executar as decisións da Comisión Executiva, coa que traballará en estreita colaboración. Por tal motivo estará presente nas reunións da Comisión Executiva, con voz pero sen voto.
- l) Aprobar a convocatoria pública de presentación de proxectos por parte das ONGD, tendo en conta os criterios fixados pola Asemblea Xeral e a normativa que puidera ser de aplicación.
- m) Seleccionar e aprobar os proxectos de cooperación ao desenvolvemento e educación para a cidadanía global e/ou sensibilización presentados á asociación para o seu financiamento e facer o seguimento dos que resulten aprobados.
- n) Exercitar, en nome da asociación, as accións que decida a propia Comisión Executiva.
- o) Resolver todos os asuntos propios da Asemblea Xeral que teñan carácter urgente, se ben neste caso deberán ser ratificados pola Asemblea Xeral na primeira convocatoria que se realice.

### **Artigo 16. Reunións.**

A Comisión Executiva reunirse de forma ordinaria cunha periodicidade mensual, cando así o permitan as circunstancias, previa convocatoria da Presidencia, e tamén de xeito extraordinario cando así o decida a Presidencia ou a petición da Comisión Executiva nos termos do artigo seguinte.

### **Artigo 17. Convocatoria e modalidades das reunións da Comisión Executiva.**

17.1. A convocatoria de reunión da Comisión Executiva realizarase por escrito, ben por medios electrónicos e/ou físicos, considerándose para estes efectos axeitado e suficiente a remisión da convocatoria ao correo electrónico designado por cada entidade socia, expresando o lugar, día e hora da reunión así como a orde do día fixada e a documentación relativa á mesma.

17.2. Deberá realizarse cun mínimo de sete días naturais de antelación e con expresión da orde de asuntos a tratar.

17.3. A Comisión Executiva poderá reunirse extraordinariamente a petición da terceira parte das persoas integrantes, con indicación dos asuntos a tratar. Neste caso, a Presidencia debe convocala nun prazo non superior aos cinco días naturais seguintes á solicitude e debe celebrarse nun prazo máximo de quince días naturais a contar desde o seguinte a terse recibido a petición dos membros da Comisión Executiva solicitantes da mesma.

17.4. As reunións da Comisión Executiva poderán realizarse a través de reunión física ou ben a través de videoconferencia, sempre que se asegure a autenticidade e a conexión bilateral ou multilateral en tempo real con son e imaxe das persoas asistentes en remoto. Neste caso, a sesión entenderase celebrada no domicilio social da asociación.

### **Artigo 18. Desenvolvemento das reunións da Comisión Executiva.**

18.1. A Comisión Executiva queda validamente constituída cando concorren á reunión polo menos a metade máis unha das persoas que a compoñen.

18.2. As reunións abranse cando así o determine a persoa que ostente a Presidencia. Seguidamente procederase á lectura da acta da xuntanza anterior por parte da persoa que ostente a Secretaría, que deberá ser aprobada. Posteriormente, procederá a presentar a orde do día.

18.3. Poderán asistir ás reunións da Comisión Executiva en calidade de convidadas, con voz e sen voto, aquelas persoas ou entidades que a xuízo da Comisión resultaran de especial interese a súa presenza.

### **Artigo 19. Adopción de acordos por parte da Comisión Executiva.**

19.1. A Comisión Executiva adoptará os acordos, preferentemente, por consenso. No seu defecto daranse por aprobados coa maioría simple de votos das entidades asistentes e representadas, cando os votos afirmativos superen aos negativos.

19.2. Os acordos documentaranse no libro de actas debidamente dilixenciado coas sinaturas das persoas que ostenten a Presidencia e a Secretaría da Comisión Executiva.

## **Artigo 20. Renovación dos cargos.**

20.1. Os cargos da Comisión Executiva renovaranse en todo caso despois de cada celebración de eleccións municipais e dentro dos catro meses seguintes á constitución dos gobernos locais e provinciais.

20.2. Logo da celebración das eleccións municipais, os cargos da Comisión Executiva pasan a actuar en funcións ata a constitución da nova Comisión Executiva, en todo caso por un período non superior a catro meses. Durante este tempo poden ser substituídas por outra persoa da súa mesma administración local.

20.3. A Comisión Executiva que cesa propondrá unha nova candidatura á Asemblea, que deberá estar configurada de xeito representativo do conxunto das entidades socias. Ademais da proposta presentada pola Comisión Executiva saínte, poderase presentar unha lista alternativa cando estea apoiada e avalada polo 20% das entidades socias.

20.4. Cada mandato dura catro anos e todos os cargos son non remunerados e renovables.

## **Artigo 21. Cobertura de vacantes, cesamento e outros supostos.**

21.1. Se durante o período dos catro anos para o cal os cargos da Comisión Executiva foron elixidos se produce algunha vacante, esta pode cubrirse provisionalmente polas persoas integrantes da Comisión Executiva ata a primeira Asemblea Xeral que se celebre, quen decidirá sobre a provisión da vacante ata que se produza a renovación colectiva da Comisión Executiva.

21.2. No caso de que durante o período dos catro anos unha ou varias das administracións locais representadas na Comisión Executiva decidan cambiar de persoa representante, estes cambios deberán notificarse na seguinte Asemblea Xeral.

21.3. No suposto de dimisión colectiva, entendendo como tal a dimisión dun mínimo de catro administracións locais representadas na Comisión Executiva, procederase a unha nova elección mediante a convocatoria dunha Asemblea Xeral. A dimisión deberá presentarse por escrito, por medios físicos ou dixitais, en nome da administración local, ante o resto dos cargos da Comisión Executiva. A Comisión Executiva saínte continuará en funcións ata que teña lugar a citada Asemblea Xeral.

Non terá a consideración de dimisión colectiva a modificación das persoas que ostentan a representación e non da propia administración local que representan.

21.4. As persoas que ostentan os cargos da Comisión Executiva cesarán na súa función por: falecemento, enfermidade que incapacite para o exercicio do cargo, extinción da administración local que representan, renuncia voluntaria ou baixa na asociación por

parte da administración local representada e transcurso do prazo para o que foron elixidas.

21.5. A renuncia voluntaria por parte da administración local representada e o transcurso do prazo non dan lugar ao cese automático, senón que se deberá facer un efectivo traspaso de poderes con entrega de documentación e posta ao día.

21.6. Así mesmo, a Asemblea Xeral poderá acordar o cesamento de toda a Comisión Executiva ou dalgún dos cargos da mesma, cando a proposta sexa aprobada polas tres cuartas partes das entidades socias, nos seguintes supostos:

- Incompatibilidade ou conflito de intereses.
- Por non desempeñar o cargo coa dilixencia prevista na lexislación vixente, se así se declara en resolución xudicial.
- Por calquera outra casuística motivada que atente contra a imaxe da asociación ou os seus intereses.

### **CAPÍTULO III: DOS ÓRGANOS UNIPERSOAIS**

#### **Artigo 22. Sobre a Presidencia.**

22.1. A persoa que ostenta a Presidencia da Comisión Executiva representa á asociación perante todos os organismos públicos e oficiais, as entidades privadas e toda clase de persoas físicas e xurídicas. Está facultada para exercer as accións pertinentes en defensa dos dereitos e intereses da asociación e pode outorgar poderes notariais en favor doutras persoas integrantes da Comisión Executiva conxunta ou solidariamente, e tamén a avogadas/os e procuradoras/es dos Tribunais, previo coñecemento da Comisión Executiva.

22.2. Son as súas funcións:

- a) Convocar a Comisión Executiva e presidir as reunións.
- b) Moderar e dirixir os debates das Asembleas e da Comisión Executiva.
- c) Previo acordo da Comisión Executiva pode operar coa banca privada e oficial e coas caixas de aforro, realizando todas as actuacións que a lexislación e a práctica bancaria permite: manter, abrir, dispoñer e cancelar nas citadas institucións todo tipo de contas correntes, de aforro ou de crédito e asinar cheques e outros documentos, solicitar saldos e confirmalos ou imputalos.

#### **Artigo 23. Sobre a Vicepresidencia.**

A persoa que ostenta a Vicepresidencia colabora coa Presidencia no exercicio das súas funcións e substitúea en caso de ausencia, enfermidade ou vacante.



#### **Artigo 24. Sobre a Secretaría.**

24.1. Corresponde á persoa que ostenta a Secretaría:

- a) A redacción das actas e pasalas ao correspondente arquivo físico e dixital.
- b) Dar forma válida aos acordos.
- c) Expedir certificacións das actas co visto e prace da Presidencia.
- d) Expedir outros tipos de certificacións.
- e) Arquivar o rexistro de entidades socias e o arquivo da documentación.

24.2. En caso de ausencia, enfermidade ou vacante da persoa que ostenta a Secretaría, será substituída pola persoa física de menor idade da Comisión Executiva ou, se así o decidise a Comisión Executiva, por outra persoa da Comisión Executiva.

#### **Artigo 25. Sobre a Tesourería.**

25.1. A persoa que ostenta a Tesourería ten a facultade de:

- a) Facer os cobros e pagos, previa orde da Presidencia.
- b) Responder perante a Comisión Executiva da contabilidade e dos seus xustificantes.
- c) Previo acordo da Comisión Executiva pode operar coa banca privada e oficial e coas caixas de aforro, realizando todas as actuacións que a lexislación e a práctica bancaria permite: manter, abrir, dispoñer e cancelar nas citadas institucións todo tipo de contas correntes, de aforro ou de crédito e asinar cheques e outros documentos, solicitar saldos e confirmalos ou imputalos, e realizar operacións de tesourería.

25.2. Nos supostos de ausencia, enfermidade ou vacante a Tesourería poderá ser substituída pola persoa física de máis idade da Comisión Executiva ou, se así o decidise a Comisión Executiva, por outra persoa da Comisión Executiva.

#### **Artigo 26. Sobre as Vogalías.**

As e os vogais teñen a misión específica que lles encomenda a Comisión Executiva, a Asemblea Xeral ou a Presidencia. Poden tamén substituír a outras persoas integrantes da Comisión nos supostos de ausencia, enfermidade ou vacante, previo acordo da Comisión Executiva.

### **TÍTULO III: DAS ENTIDADES SOCIAS**

#### **Artigo 27. Sobre as entidades socias.**

27.1. Serán admitidas como entidades socias, cos dereitos e obrigas establecidas nos presentes Estatutos:

- a) Todos os concellos, deputacións provinciais e entidades locais menores da Comunidade Autónoma de Galicia que manifesten, mediante o correspondente acordo corporativo, a súa vontade expresa de adherirse ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, sempre que o soliciten, compartan os obxectivos da asociación e abonen a cota social anual establecida.
- b) As Entidades Locais de carácter supramunicipal como as mancomunidades e os consorcios, sempre que o correspondente acordo de adhesión sexa adoptado por unanimidade de todos os concellos que as integran. A adhesión dunha entidade supramunicipal ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade non inclúe a dos concellos que a compoñen. As citadas entidades deberán solicitar a alta, compartir os obxectivos da asociación e aboar a cota social anual establecida.

27.2. As entidades socias terán voz e voto na Asemblea Xeral, correspondendo un voto por cada entidade.

27.3. A resolución da admisión das entidades socias corresponde á Comisión Executiva e poderá ser obxecto de recurso diante da seguinte Asemblea Xeral en calquera momento antes da convocatoria desta. A interposición de recurso non impedirá a executividade da decisión que teña adoptado a Comisión Executiva, que terá efectos desde a data da citada decisión. En particular, se a decisión fose de admisión, a entidade admitida terá os dereitos e obrigas das socias en tanto esa decisión non sexa revogada pola Asemblea Xeral.

### **Artigo 28. Dereitos das entidades socias.**

Son dereitos das entidades socias, ademais dos establecidos na lei, os seguintes:

- a) Ter voz e voto nas reunións da Asemblea Xeral na forma que se especifica nestes Estatutos.
- b) Participar na vida da asociación e recibir información sobre os acordos e as actividades que organice ou promova.
- c) Elixir e ser elixida para ocupar a representación na Comisión Executiva.
- d) Desfrutar de todas as vantaxes e beneficios que a asociación poida conseguir.
- e) Ser escoitada con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra ela e a ser informada dos feitos que dean lugar a tales medidas.

### **Artigo 29. Obrigas das entidades socias.**

Son obrigas das entidades socias, ademais das establecidas na lei, as seguintes:

- a) Observar diligentemente os acordos validamente adoptados polos órganos da asociación.
- b) Colaborar na difusión da asociación e no cumprimento dos seus obxectivos.
- c) Atender os compromisos de contribuír economicamente á asociación na forma e contía acordada pola Asemblea Xeral.
- d) Exercer activamente as responsabilidades conferidas polos órganos da asociación.
- e) Facilitar un enderezo de correo electrónico para recibir as convocatorias de Asemblea Xeral e Comisión Executiva e mantelo permanentemente actualizado.
- f) Manter permanentemente actualizada a identidade da persoa que represente á entidade socia e, no seu caso, da suplente, e notificar calquera substitución á asociación de maneira inmediata.

### **Artigo 30. Perda da condición de entidade socia.**

A condición de entidade socia pérdese por:

- a) Incumprimento reiterado no pago da cota social por parte das entidades socias.
- b) Separación voluntaria por parte da entidade socia.
- c) Proposta de expulsión acordada pola Comisión Executiva e acordada pola Asemblea Xeral, por incumprimento grave e reiterado das obrigas establecidas no artigo 29. En todo caso, serán garantidos os dereitos de audiencia e defensa da entidade proposta a expulsión.

### **Artigo 31. Entidades colaboradoras.**

31.1. Poderán ser entidades colaboradoras aquelas persoas xurídicas públicas ou privadas que, compartindo os obxectivos do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, acheguen a súa axuda para o desenvolvemento das actividades ou proxectos de cooperación ao desenvolvemento previstos.

31.2. Son designadas como entidades colaboradoras pola Asemblea Xeral a proposta da Comisión Executiva ou a petición do 25% das entidades socias.

31.3. O período de pertenza das entidades colaboradoras é dun ano a partir da súa contribución, pero continuará por anos sucesivos se perduran as mesmas condicións.

### **Artigo 32. Persoas ou entidades de honra.**

32.1. Terán a consideración de persoas ou entidades de honra as persoas físicas ou xurídicas que, a proposta da Comisión Executiva, sexan distinguidas como tales pola Asemblea Xeral en recoñecemento pola súa especial contribución aos fins da asociación.

32.2. Son designadas como persoas ou entidades de honra pola Asemblea Xeral a proposta da Comisión Executiva ou a petición do 25% das entidades socias.

32.3. Do mesmo xeito, a Asemblea Xeral está facultada para retirarlle esta condición.

## **TÍTULO IV: DO PATRIMONIO E DAS FINANZAS**

### **Artigo 33. Patrimonio inicial.**

O patrimonio inicial ascende a 18.000 euros. O patrimonio social será o que determinen en cada momento os seus libros e estados contables.

### **Artigo 34. Recursos económicos do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.**

Os recursos económicos dos que se vale o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade para realizar as súas actividades son:

- a) As cotas que a Asemblea Xeral decida que deben ser abonadas polas entidades socias.
- b) Achegas extraordinarias, por parte das entidades socias, a un ou varios proxectos e/ou actividades impulsadas pola asociación.
- c) As achegas das entidades colaboradoras.
- d) As subvencións de organismos oficiais e de entidades públicas ou privadas.
- e) As doazóns a título gratuito, legados e herdanzas.
- f) O importe das derramas ou dereitos de entrada que estableza a Asemblea Xeral.
- g) Calquera outro tipo de ingreso lícito que se adapte aos fins da asociación.

### **Artigo 35. Medios e destino dos recursos.**

35.1. O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade debe contar cos medios persoais e materiais adecuados e coa organización idónea para garantir o cumprimento dos fins estatutarios.

35.2. O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade destinará á realización dos seus fins polo menos o 70% das rendas e ingresos, nos termos previstos na normativa de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado vixentes en cada momento.

### **Artigo 36. Rendición de contas.**

36.1. O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade deberá cumprir coas obrigas contables previstas nas normas polas que se rexe ou, na súa falta, no Código de Comercio e disposicións complementarias.

36.2. O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade elaborará anualmente unha memoria económica na que se especifiquen os ingresos e gastos do exercicio, de

maneira que poidan identificarse por categorías e por proxectos, así como a porcentaxe de participación que manteñan en entidades mercantís.

36.3. O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade renderá as contas anuais do exercicio anterior no prazo dos seis meses seguintes á súa finalización, e presentará a memoria descritiva das actividades realizadas durante o mesmo ante o organismo encargado de verificar a súa constitución e de efectuar a súa inscrición no Rexistro de Asociacións, no que quedarán depositadas. Ditas contas anuais deben expresar a imaxe fiel do patrimonio, dos resultados e da situación financeira, así como a orixe, contía, destino e aplicación dos ingresos públicos percibidos.

36.4. O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade deberá facilitar ás administracións públicas os informes que estas lle requiran, en relación coas actividades realizadas en cumprimento dos seus fins.

36.5. A Comisión Executiva elaborará un orzamento anual, coincidente co ano natural, equilibrado en ingresos e gastos, que posteriormente elevará á Asemblea Xeral. Se unha vez iniciado o exercicio económico non se aprobou o orzamento correspondente consideraranse automaticamente prorrogados os orzamentos do exercicio anterior. A prórroga non afectará ás dotacións económicas daqueles programas que deberan concluír no exercicio anterior ou que se financiaran con ingresos extraordinarios.

36.6. Calquera integrante da asociación pode solicitar e obter un exemplar dos orzamentos anuais e acceder en todo momento aos libros de contabilidade da asociación, respectando os límites impostos pola normativa de protección de datos de carácter persoal.

### **Artigo 37. Reembolsos e retribucións.**

37.1. Aínda que os cargos da Comisión Executiva non sexan remunerados, as persoas que ostentan ditos cargos teñen dereito a que lle sexan reembolsados os gastos xustificadas que o desenvolvemento da súa función lles ocasione, sen que as cantidades percibidas por este concepto poidan exceder dos límites previstos na normativa do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas para ser consideradas dietas exceptuadas de gravame.

37.2. As persoas que conforman a Comisión Executiva que perciban retribucións non o poderán facer con cargo a fondos e subvencións públicas.

### **Artigo 38. Sobre o exercicio económico.**

O exercicio asociativo e económico será anual coincidindo co ano natural, comezando polo tanto o 1 de xaneiro e rematando o 31 de decembro.

### **Artigo 39. Documentación social.**

A documentación social estará composta por:

- a) Relación de entidades socias.
- b) Libros contables que resulten da aplicación das normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos, contidas no Real Decreto 1491/2011, de 24 de outubro, ou calquera outra que a substitúa.
- c) Inventario de bens.
- d) Arquivo de actas da Comisión Executiva.
- e) Arquivo de actas da Asemblea Xeral.

## **TÍTULO V: DA DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN**

### **Artigo 40. Disolución do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.**

40.1. O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade soamente poderá disolverse por:

- a) Sentencia xudicial firme.
- b) Por acordo da Asemblea Xeral e co voto favorable das dúas terceiras partes das entidades socias presentes ou representadas.
- c) Por imposibilidade de cumprimento dos fins sociais.

40.2. A liquidación practicarase por unha Comisión Liquidadora nomeada pola Comisión Executiva da asociación, que se responsabilizará de efectuar as dilixencias oportunas ante os organismos que proceda.

40.3. O patrimonio resultante en caso de disolución destinarase na súa totalidade a algunha das entidades consideradas como entidades beneficiarias do mecenado aos efectos previstos nos artigos 16 a 25, ambos incluídos, da Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado e que, preferentemente, estean dedicadas á realización de fins de interese xeral análogos aos da presente asociación.

## **DISPOSICIÓN TRANSITORIA.**

Os regulamentos e normas aprobadas ata a data para a aplicación e desenvolvemento dos estatutos da asociación continuarán en vigor en tanto non se proceda, no seu caso, á súa modificación para a adecuación ao ordenamento xurídico vixente, se ben entenderanse derogados e teranse por non postos todos os preceptos que puidesen resultar contrarios á vixente Lei Orgánica 1/2002, reguladora do Dereito de Asociación, ou aos presentes Estatutos.